

LA VIRGEN ROJA

Paula Ortiz, 2024

1381

ESTREA EN NUMAX: 27.09.2024 | V.O. | +12 | 114 min

Hildegart é concibida e educada pola súa nai Aurora para ser a muller do futuro, converténdose nunha das mentes máis brillantes da España dos anos 30 e nun dos referentes europeos da sexualidade feminina. Aos 18 anos, Hildegart comeza a experimentar a liberdade e coñece a Abel Velilla, quen a axuda a explorar un novo mundo emocional e a distanciarse do férreo niño materno. Aurora teme perder o control da súa filla e fai todo o que pode para evitar que Hildegart marche. As dúas mulleres enfrontáranse durante unha noite de verán de 1933, poñendo fin ao "Proxecto Hildegart".

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Un filme político, fermoso e doloroso
cunha impresionante Najwa Nimri»

Pepa Blanes, CADENA SER



Entrevista con Paula Ortiz: «Aurora non era unha psicópata senón unha fanática»

Por María Gil

A película sostén que Hildegart foi esquecida e perviviu no fantasmal. Como chegou a coñecela? Acompañome desde a universidade, cando estudaba Filoloxía Hispánica. A vangarda española é unha época que se aborda moitísimo, a Lorca, a Buñuel, a Dalí...pero é curioso como non se chegou á efervescencia sociopolítica que había no momento da República e todo o que significaban os grandes fitos intelectuais e o revulsivo que implicou. E falando cunha profesora de Historia dos inicios do feminismo, do pioneiro e o valente e o audaz e sorprendente dese feminismo nos anos 20, contoume a historia de Aurora Rodríguez Carballeira e de Hildegart e eu lembro a cantidade de explosións mentais que me provocou. Estaba a apelar a min, á miña feminidade, ao que ten que ver co meu corpo e coa maternidade, desde o máis físico ao máis filosófico e político.

Do mesmo xeito que a protagonista da súa anterior película, Teresa (2023), Hildegart foi unha muller adiantada ao seu tempo. Que che interesa destes perfís? Sonme moi atractivas as mulleres superdotadas que viven fóra do seu tempo e están cargadas de contradicións. Teresa vive na maior contradición posible e Aurora e Hildegart tamén. E no fondo dentro dunha burbulla, que non é a da maioría das vidas da xente. Son seres tan extraordinarios, pioneiros e extremos que ás veces son moi iluminadores desde o punto de vista dramático e narrativo.

Non deixa de lado as desigualdades sociais. Se Aurora e Hildegart podían defender as súas ideas era porque o seu estatus llelo permitía. Era un momento moi contradictorio en todos os aspectos, hai moitas pulsións de todo tipo, de xénero e de clase. En grao sumo honesto é cando a súa criada di: "os teus discursos están moi ben, pero a vida non funciona así". Isto era unha elite. E iso fai que nos preguntemos se estaban a loitar por todas as mulleres. Á vez que estaba esta vangarda intelectual e política tan estimulante, polo outro lado había moitísimas presións, da Igrexa, de movementos obreiros e rurais e dunha España enormemente analfabeta e con moita pobreza.

Podes imaxinar como sería Hildegart no momento presente? É bastante alucinante o reflexo que hai. Cambiamos bastante menos do que cremos. O cal é aterrador. E o discurso de Hildegart en xeral, a día de hoxe seguiría a ser revulsivo porque non cambiamos tanto, pero si que é certo que hai moitas cousas que son moi distintas. Por exemplo, é sorprendente como ela si contempla nos temas de xénero e na reforma sexual a homosexualidade ou mesmo o transxénero, pero desde unha posición bastante cuestionable porque era filla do seu tempo. Afortunadamente, hoxe iso é totalmente distinto e a visión da feminidade ou da vivencia do xénero das novas xeracións non ten nada que ver coa de Hildegart e niso si que te dás de conta que se avanzou.

Como explica a figura de Aurora? Hai grandes estudos psiquiátricos do caso. A min gústame puntualizar que Aurora non é unha psicópata, porque entón isto converteríase exclusivamente nun suceso. Ela por riba de ser unha psicópata, é unha fanática dunhas ideas. Ademais das psicopatías narcisistas que ten, que están moi estudadas, o tema é que era unha fanática, que é un trastorno de índole político e un problema megalómano. Está disposta a pasar por riba de calquera cousa en prol desas ideas, mesmo matar a súa filla. É algo tan incomprendible e aí si que nos fala de perigos de hoxe e dunhas sensibilidades que me parecen aterradoras.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La madre Frankenstein,
Almudena Grandes
Tusquets, 2020

Aurora de sangre,
Eduardo de Guzmán.
La linterna sorda, 2014

Mi querida hija Hildegart,
Carmen Domingo.
Renacimiento, 2023